



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia/disciplina: Introducción ao Jazz. Profesor Juan Cañada Valverde

Curso: 2023 - 2024





Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	3
3	Atención á diversidade.....	3
4	Temas transversais.....	3
	4.1. Educación en valores.....	3
	4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	3
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	3
6	Secuenciación do curso.....	3
	6.1. Curso:.....	4
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	5
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	5
9	ANEXOS.....	6
	9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional.....	6
	9.2. Probas de acceso a outros cursos.....	6
	9.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	6

1 Introducción

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

1- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

2- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

3- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

4- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

5- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

6- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

7- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

8- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

9- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2 Metodoloxía

As clases serán sesións teórico-prácticas onde se realizarán as seguintes actividades:

- Lectura e análise de temas do repertorio.
- Improvisación individual e colectiva sobre ciclos, progresións e standards, en función da análise realizada.
- Exercicios de educación auditiva con patróns melódicos, escalas e as progresións harmónicas máis utilizadas.
- Transcripción de solos.
- Traballo con audios de “youtube”, Aebersold ou equivalentes.
- Composición de temas propios ou arranxos a partir do estudo dos aprendidos.
- Audición e comentario de versións dos temas traballados.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina da súa páxina web.

4 Temas transversais

4.1. Educación en valores

O desenvolvemento integral do alumno, que non debe estar limitado a adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e manifestase a través do que coñecemos como temas transversais. A forma na que entendo o tratamento destes temas transversais fíxose reflectida nos obxectivos seguintes:

Educación para a paz .

Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación moral e cívica.

Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.

O respecto pola autonomía dos demais.

Educación para a igualdade entre os sexos.

Desenvolver a auto estima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade

Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as suas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.

Educación para a saúde.

Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde. Concienciar ao alumnado do respecto ás medidas hixiénico-sanitarias.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ó ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro (auditorio, biblioteca, aulas de audiovisuais ou de informática) ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de contra baixo complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos

alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse co proceso xeneral de aprendizaxe e responder a unha adecuada planificación.

Tradicionalmente, na materia de Jazz realízanse unha serie de actividades propostas cada ano tales como participación nos concertos organizados dende o centro, a maratón musical de nadal, etc...

6 Secuenciación do curso

6.1. Curso:.6º grao profesional

6.1.1. Obxectivos

- Coñecer e manexar os elementos musicais propios da linguaxe do jazz.
- Desenvolar a capacidade de improvisación a partir dos coñecementos aprendidos.
- Coñecer os standards mais habituais do repertorio e traballar sobre eles.
- Desenvolar o oído e a memoria musical.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade a partir da análise dos temas traballados.
- Valorar a capacidade pedagóxica da improvisación como metodoloxía.

6.1.2. Contidos

Harmónicos

- Cifrado americano
- acordes basicos: Maj7, 7, m7, m7(b5), °7.
- Acordes alterados e con tensións: b5, #5, 9, b9, #9, 11, #11, 13, b13
- Relación acordes-escalas
- Enlaces, posicións pechadas e abertas e fórmulas de acompañamento.
- Acordes basicos: Maj7, 7, m7, m7(b5), °7, cadeas de V7, substitutos tritonais, etc.
- Análise de standards

Melódicos

- Escalas modais.
- Escala alterada, lidia b7, menor melódica e simétricas.
- pentatónicas e de blues Escalas
- Escalas de be bop
- Patróns melódicos
- Fórmulas de traballo
- Relación escalas-acordes
- Construción da lína de baixo ou walking
- análise de solos.

Rítmicos

- Fraseo do swing.
- Lectura rítmica con e sen o instrumento.
- Patróns de acompañamento: swing, balada, jazz vals, bossa, etc.
- Celulas rítmicas características para improvisar e acompañar.
- análise rítmico.

Formais

- Análise formal do repertorio traballado
- Standards
- Blues
- Rhythm changes

Secuencia e temporalización.

1º trimestre. 16h .

- Cifrado americano.
- acordes básicos: Maj7, 7, m7, m7(b5), °7
- Escalas Pentatónicas e de blues
- Fraseo do swing.

- Lectura rítmica con e sen o instrumento.
- Standards

2º trimestre. 12h .

- acordes alterados e con tensións: b5, #5, 9, b9, #9, 11, #11, 13, b13
- Relación acordes-escalas
- Escalas de be bop
- Patróns melódicos
- Fórmulas de traballo
- Patróns de acompañamento: swing, balada, jazz vals, bossa, etc.

3º trimestre. 10h.

- análise formal do repertorio traballado
- Blues
- Rhythm changes
- Celulas rítmicas características para improvisar e acompañar.
- Análise rítmico.

6.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

Para a avaliación da materia terase en conta a evolución e o traballo en cada clase, ademais dos seguintes apartados na proba final:

- Realizar progresións harmónicas tonais.
- Realizar progresións harmónicas modais.
- Desenvolver escalas pentatónicas sobre diferentes progresións
- Realizar exercicios sobre estruturas de blues.
- Desenvolver cadencias combinadas II-V-I sobre estruturas de 12-16-24 e 32 compases.
- Desenvolver frases sobre estruturas combinando silencio-interpretación.
- Realizar exercicios de lectura a vista.
- Improvisar de memoria sobre estruturas diversas e temas sinxelos de repertorio jazzístico.
 - Realizar interpretacións e improvisación melódicas,rítmicas e harmónicas sobre temas de repertorio jazzístico aplicando todos os elementos estudados de forme gradual.

Mínimos esixibles

1º trimestre.

1. Interpretar dous estandars.
2. Conecer os acordos dos temas traballados.
3. Poder improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estandar.
4. Control do tempo .
5. Control da forma do tema.

2º trimestre.

1. Interpretar dous novos estandars.
2. Conecer os acordos dos temas traballados.
3. Poder improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estandar.
4. Control do tempo .
5. Control da forma do tema.
6. Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.

3º trimestre

1. Interpretar dous novos estandars.
2. Coñecer os acordos dos temas traballados.
3. Poder improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estandar.
4. Control do tempo .
5. Control da forma do tema.
6. Coñecer a forma do repertorio traballado
7. Controlar células rítmicas características para improvisar e acompañar.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación é continua. Teremos en conta o traballo diario do alumno durante todo o curso. Os procedementos do profesor para a avaliación serán:

1. Observación sistemática e continua.
2. escoita na clase (ou polos medios telemáticos correspondentes no caso de ensino semipresencial ou a distancia) e corrección dos exercicios.
3. escoita nas audicións trimestrais .

Así mesmo, o alumno se calificará a en todas as clases o seu propio traballo e os dos demais compañeiros.

Criterios de cualificación

Control rítmico, formal, melódico e armónico.

Valorarase o control auditivo.

Control da afinación

Control da improvisación.

Control do estilo do swing.

Porcentaxes.

25% control rítmico

25% melódico

25 % control formal

25% control armónico

A cualificación final será o resultado da ponderación das cualificacións obtidas nos trimestres. A ponderación realizarase na seguinte proporción: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

O baremo aplicado á observación será o seguinte:

9 - 10 Interpretación realizada con fluidez e seguridade rítmica. utención as diversas harmonías.

Control da forma e da afinación.

Tempo convincente desde o punto de vista musical. Sensibilidade para o detalle musical e o caracter da obra.

7 – 8 Interpretación realizada con seguridade técnica.

Evidencia de control do son e da afinación. Tempo adecuado e mantido. Utilización correcta das harmonías na improvisación.

Capacidade de resposta ao estilo.

5 – 6 Seguridade xeral nas notas e no ritmo.

Tecnicamente axeitado.

Sentido razoable da continuidade. Evidencia dunha coidadosa preparación. Rapida recuperación de calquera tropezo.

4- Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Falta de continuidade.

Pobre recuperación dos tropezos.

Errores na afinación e no ritmo.

Son pobre. Evidencia da falta de preparación. Limitacións no uso de recursos musicais.

Serías dificultades coas notas e o ritmo. Interrupcións frecuentes. Sería falta do control harmónico..

2 – 3 Serías dificultades coas notas e/ou o ritmo e ausencia de detalles musicais.

Sería falta de control harmónico. Soamente algúns pasaxes dominados. Incapaz de continuar sen erros mais dunha breve parte.

Tecnicamente non axeitado

1 Non presenta traballo algun.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non se contemplan ao ser o derradeiro curso do grao profesional.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en:

- Interpretar un blues e dous standards a elixir polo alumno.
- Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.
- Reconecer auditivamente diversas progresións harmónicas sinxelas tocadas polo profesor.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

- Interpretar un blues e dous standards a elixir polo alumno.
- Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.
- Reconecer auditivamente diversas progresións harmónicas sinxelas tocadas polo profesor.

6.1.5. Recursos didácticos

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento da programación didáctica e continuo. A medida que imos vendo aqueles aspectos dos obxectivos, contidos ,metodoloxia..etc que precisan ser mellorados o revisados procedese a renovar.

O procedemento e a observación diaria da miña actividades e dos alumnos, e a reflexión continua .As conversas con outros profesores, a lectura de libros e as comparacións con outros métodos son procedementos indispensables.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

No comenzo do curso escolar o Departamento de Corda establecerá o protocolo oportuno para a realización da avaliación interna do mesmo.

Reunións periódicas do departamento. Observación sistemática e continua. escoita nas reunións das ideas dos outros profesores.

Escoita nas audicións trimestrais.

9 ANEXOS

9.1. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

9.2. Rúbrica de avaliación do alumnado

NOME:

INSTRUMENTO:

	Aínda non (9-10) ponderada (1-4)	Competencia básica (3-6)	Competencia Nota media (7-8)	Competencia avanzada
Control rítmico: 25%				
Control melódico: 25%				
Control formal: 25%				
Control armónico: 25%				
Puntuación final :				

Observacións: